

## EN MAREA E AS MAREAS MUNICIPALISTAS

### PREÁMBULO

Para o proxecto político de En Marea resulta fundamental o afianzamento no territorio que conlevará a construción dunha verdadeira alternativa de país na que sexan as inscritis as que a esbocen e lle dean forma.

O proxecto de En Marea sustentase sobre dúas lexitimidades (unha derivada do recoñecemento dun suxeito político galego que se formaliza nun partido nacional (instrumental) de adscrición individual, e a outra derivada da democracia de base formalizada sobre os proxecto de unidade popular de base municipalista) e, tamén, sobre dúas legalidades con rexistros legais, censos e formulacións políticas diferentes (no local e no nacional)

Para dar resposta a esta confluencia plural o Plenario de En Marea aproba o seguinte protocolo de actuación para potenciar o espazo local.

### 1. RELACIÓN ENTRE EN MAREA E AS MAREAS MUNICIPALISTAS

As mareas municipalistas que agromaron en diferentes partes do país constitúen unha materialización en forma de alternativa política local que intenta aglutinar o amplo abano de cidadás e cidadáns que pretenden construír unha forma participativa, radicalmente democrática, de facer política e de xestionar as institucións ao servizo da maioría social.

Nas mareas municipalistas agrúpanse elementos activos da sociedade, unidos polo denominador común da construción desa alternativa. Nelas conviven persoas de moi diferente cultura política, entre elas, tanto persoas membros de En Marea como outras que non o son. En Marea recoñece esa realidade e asume

explicitamente que esa pluralidade na que participan persoas externas ao seu espazo debe manterse.

Para En Marea, as **Mareas Municipalistas son o espazo natural da contenda política popular desde a base.** As Mareas Municipalistas teñen como elementos definitorios:

- A confluencia dos axentes políticos e sociais de rotura democrática.
- Un programa baseado na xustiza social e ambiental e na democracia radical.
- O asemblearismo de base cidadá sustentado nunha persoa, un voto.
- A elección de todos os seus órganos e candidaturas por primarias.

En Marea traballará, desde a plena independencia xurídica e política, por promover Mareas Municipalistas alá onde se dean as condicións actuando como dinamizador pero en ningún caso como tutelador do proceso de unidade popular local.(punto 6-doc. Político plenario Compostela-dec-2016)

Deste modo corresponderalle aos diferentes espazos locais definir a súa organización interna, coordinación, voceirías e/ ou grupos de traballo nos que se vertebre o espazo.

A Marea Municipalista, como ven explicitado nos documentos base da organización "poderá facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas permanentes nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas... Así mesmo terán a mesma consideración que os grupos de traballo á hora de elaborar propostas. Serán as encargadas de organizar e distribuir as mesas electorais nos procesos internos de En Marea. No ámbito local terán plena capacidade de decisión no ámbito do

seu concello sen inxerencia de ningunha outra estrutura comarcal ou nacional." Cando se dean situacións de ruptura no marco das forzas confluentes corresponde ao electorado local definir a correlación de forzas entre os proxectos existentes. En ningún caso En Marea actuará como árbitro, máis aló da necesaria mediación, para resolver a división local.

### 1.1.Traballo con En Marea.

O documento de estrutura territorial aprobado en xullo de 2016 en Vigo, establece que se *“estimulará e favorecerase a creación de redes autónomas e autoxestionadas polos propios procesos municipalistas, como estes estimen oportuno, a nivel comarcal e provincial.”* En Marea debe xogar un rol imprescindible nese sentido. A constitución dunha secretaría ou oficina técnica, coordinada coas diferentes mareas, que facilite o intercambio áxil de información e experiencias, que sirva para organizar á demanda xornadas e encontros tanto sectoriais como territoriais é un xeito de materializar esa vocación de ferramenta, afortalando e apoiando o traballo que se desenvolve por parte de cada marea en canto que suxeito político local e estendendo esas posibilidades de colaboración e intercambio intermareal ao ámbito nacional. Esta ferramenta non terá en ningún caso funcións políticas, dado o seu carácter puramente técnico, de instrumento ao servizo dos procesos municipalistas.

. A relación con En Marea a nivel nacional materializarase no "articulamento de ferramentas que acheguen a actividade institucional e o traballo no espazo ás realidades máis concretas de vida e activismo da cidadanía artellando encontros, mesas de traballo e outra serie de fórmulas para a rendición de contas e a ligazón co entorno social e veciñal." Deste modo e sen excluír novas formas de participación, os espazos locais contarán con apoio sectorial e municipal que se materializará en:

1. Organización e participación de charlas sectoriais a nivel local e nacional no que poidan participar as deputadas de En Marea que teñan realizado traballo institucional no ámbito concreto.
2. Acceso e participación no "Banco de mocións". Os espazos mareantes locais poderán participar no "Banco de mocións de En Marea" no que estarán dispoñibles as mocións realizadas nos diferentes concellos do país nos que as mareas teñan desenvolvido traballo municipal, así como tamén estará a disposición das mareantes mocións realizadas a nivel parlamentario que poidan empregarse para o traballo a nivel local. Deste xeito poderán compartirse e vertebrar o traballo dun modo máis eficiente e dinámico.
3. Acceso ao "argumentario de En Marea". Cunha periodicidade estipulada os espazos locais accederán aos acordos tomados no "Grupo de traballo de relato e discurso de En Marea" que dará resolución a postura oficial de En Marea nos diferentes ámbitos e temáticas políticas de interese.
4. Asesoramento xurídico a nivel municipal.

**1.2.Relación con En Marea.** As Mareas Municipais e En Marea asinarán un protocolo marco de colaboración onde se regule a colaboración de recursos humanos, recursos materiais e de colaboración financeira, partindo de realidades legais diferentes. O espazo mareante local poderá nomear a unha persoa como encargada de xeito formal da relación con En Marea a nivel nacional.

### **1.3 Espazos supralocais ou comarcais.**

En Marea entende que se poderán constituir redes que superen o ámbito local,

de xeito que atendendo á estrutura económica e social do noso país será positivo a "creación de redes autónomas e autoxestionadas polos propios procesos municipalistas, como estes estimen oportuno, a nivel comarcal e provincial. Coa finalidade de dar resposta ás necesidades comúns da veciñanza da bisbarra, como un espazo onde poidamos poñer en común o traballo a nivel institucional, social e de intercambio de información entre os municipios, e tamén como lugar onde artellar as solucións para aquelas necesidades que superen o eido municipal, pois existen interconexións sociais, económicas e territoriais entre os concellos", como así se sinalan nos documentos constituíntes de Vigo.

En Marea concretará un espazo de debate e intercambio coas Mareas Municipalistas a nivel nacional sempre que existan temas que afectan a aspectos de ordenación do territorio que afectan as políticas locais. Este espazo ten un carácter deliberatorio e propositivo, sendo o Consello das Mareas ou a Asemblea de En Marea (en su formato Plenario ou por votación en sufraxio universal) a que terá a capacidade de decisión.

No referente ao espazo provincial, o documento de estrutura territorial aprobado nos documentos fundacionais, establece: *"O nivel de partido xudicial e provincial activaranse excepcionalmente e serán o ámbito de decisión para estipular a forma de escolla de deputadas provinciais de ser o caso e o provincial a forma de escolla de deputadas para as eleccións galegas e estatais"*.

Se ben a segunda parte (a escolla das candidaturas para as eleccións galegas e estatais) non ofrece dúbidas, si que o que se refire á elección, de ser o caso, de deputadas e deputados provinciais pode chocar co recoñecemento da autonomía das mareas municipais. Neste senso é preciso establecer que serán as mareas municipalistas, no exercicio da súa autonomía, quen decidirán libremente no ámbito do seu partido xudicial o xeito de escolla e,

eventualmente, a designación das deputadas e deputados provinciais que as representen.